

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12 DE XANEIRO DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

1.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para o exercicio da actividade consistente en venta de ultramarinos en Vistalegre, 8, Soutolongo, de Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal en concepto de taxa de licenza de primeira ocupación por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado na Tesourería Municipal o día 08/01/15 polo mesmo concepto e importe detallado no parágrafo anterior.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

2.1.- Acordouse aprobar a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE**



Secretaría Xeral

ACTIVIDADE para o exercicio da actividade consistente en oficina de farmacia na rúa Joaquín Loriga, 14, de Lalín.

3.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

3.1.- Acordouse **aprobar o informe emitido para o efecto polo arquitecto técnico municipal**, de data 12 de decembro de 2014, sobre información urbanística relativa á existencia dunha edificación anterior ao ano 1940, no lugar de Soto, nº 7, da parroquia de Losón, Lalín, coa finalidade de presentar a documentación requirida pola Axencia de Turismo de Galicia para destinar a vivenda a turismo rural e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de informe urbanístico por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado o día 14/08/14 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra **“ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑÁN E SANTISO (LALÍN) (PUSIM/2017). (CO082014)** redactado pola empresa **Construcciones Fernandez Sarmiento, S.A.**

5.- FACTURAS E CONTAS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

6.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

6.1.- Acordouse aceptar a renuncia presentada por un traballador, como monitor de fitness, con efectos do 12 de xaneiro do 2015 e , de conformidade co establecido nas bases de selección de persoal para a contratación de tres monitores deportivos para o complexo deportivo multiusos Lalín-Arena, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 2 de decembro de 2013, en concreto na base XIIIª, e proceder á contratación do seguinte aspirante que acadou maior puntuación na acta de cualificación final de dito proceso selectivo como monitor deportivo.



6.3.- Acordouse aprobar as *Bases da convocatoria do Concello de Lalín para a concesión de premios do concurso de carrozas da XLVIIª FEIRA DO COCIDO de Lalín.*

7.- CORRECCIÓN DE ERROS.

7.1.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 22 de decembro de 2014, punto 5.1. devolución de fianzas e corrixir o mesmo.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Dáse conta o escrito remitido pola Consellería de Economía e Industria-Dirección Xeral de Comercio de data 9 de xaneiro de 2015, número de rexistro de entrada 166, (CPG-29.12.2014- AUGAS-LALIN), co que achegan resolución da Director Xeral de Comercio de data 30 de decembro de 2014, polo que se autoriza a aplicación das tarifas máximas do servizo municipal de subministración de auga a poboación de Lalín e aprobar as mesmas.

=====

